

# **PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS**

ANUALIDADES:

2016

TÍTULO:

**EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE  
SILGAR, BALTAR E CANELAS.**

ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE:


**CONCELLO DE SANXENXO**

ENXEÑEIRO TÉCN. MUNICIPAL:

**JOSÉ M<sup>a</sup> TRONCOSO VIÑAS**

DATA:

**MAIO 2016**



# **PREGO DE PRESCRICIÓNNS TÉCNICAS**

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE  
PROCEDIMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE  
VALORACIÓN), TRAMITACIÓN ORDINARIA E ADXUDICACIÓN POR LOTES DA  
“EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE SILGAR, BALTAR E  
CANELAS”.**

**ÍNDICE**

1. OBXECTO DO CONTRATO
2. RELACIÓN DAS INSTALACIÓN AUTORIZADAS EN CADA PRAIA
3. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS BÁSICAS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS INSTALACIÓN VINCULADAS AOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE SILGAR, BALTAR E CANELAS.
4. NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA OS CONTRATISTAS DE CADA UN DOS LOTES.
5. DOCUMENTACIÓN A APORTAR POLOS CONTRATISTAS DE CADA UN DOS LOTES.
6. ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL.
7. DURACIÓN DO CONTRATO.
8. ORZAMENTO DE LICITACIÓN.
9. CANÓN E FIANZAS.
10. DOCUMENTACIÓN DO PRESENTE PREGO.

## 1. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto do presente Prego de Prescricións Técnicas, en adiante PPT, establecer as condicións técnicas básicas para levar a cabo a explotación dos servizos de tempada nas praias de Silgar, Baltar e Canelas, do termo municipal de Sanxenxo.

A tal efecto, estableceranse tres lotes, que serán os seguintes:

- Lote-A.- Praia de Silgar.
- Lote-B.- Praia de Baltar.
- Lote-C.- Praia de Canelas.

No presente PPT estableceranse as superficies de ocupación, así como as condicións técnicas básicas que deberán cumplir as instalacións vinculadas á explotación dos servizos de tempada nas praias de Silgar, Baltar e Canelas, tales como poden ser os quioscos e terrazas a instalar, tumbonas, sombrillas, hidropedais e piraguas.

## 2. RELACIÓN DAS INSTALACIÓNS AUTORIZADAS EN CADA PRAIA.

Lote - A - PRAIA DE SILGAR			
Tipo de instalación	Unidades	M <sup>2</sup> /Unidade	Total M <sup>2</sup> ocupados
Quioscos	3	20	60
Terrazas	3	30	90
Casetas para enseres	3	4	12
Hidropedais	28	----	----
Tumbonas/sombrilla (*)	176	----	----
Piraguas	12	----	----

Lote - B - PRAIA DE BALSTAR			
Tipo de instalación	Unidades	M <sup>2</sup> /Unidade	Total M <sup>2</sup> ocupados
Quioscos	1	20	20
Terrazas	1	40	40
Casetas para enseres	1	4	4

Lote - C - PRAIA DE CANELAS			
Tipo de instalación	Unidades	M <sup>2</sup> /Unidade	Total M <sup>2</sup> ocupados
Quioscos	2	20	40
Terrazas	2	30	60
Casetas para enseres	2	4	8
Hidropedais	14	----	----
Tumbonas/sombrilla (*)	24	----	----
Piraguas	7	----	----

(\*) Cada dúas tumbonas leva aparellada unha sombrilla.

Os licitadores deberán cumplir estritamente as condicións establecidas, para as praias de referencia, na autorización sectorial emitida polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para aprobación do Plan de Explotación dos servizos de tempada 2016 elaborado polo Concello de Sanxenxo, así como os que se aproben nas anualidades que abordan a totalidade do presente contrato.

### 3. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS BÁSICAS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS INSTALACIÓNS VINCULADAS AOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE SILGAR, BALTAR E CANELAS.

As características técnicas básicas que deberán cumplir as instalacións vinculadas aos servizos de tempada nas praias de Silgar, Baltar e Canelas, serán as seguintes:

#### ➤ QUIOSCOS:

- As superficies a ocupar polos quioscos deberán ser as que se reflicten na cláusula 2ª do presente PPT.
- Deberán estar construídos en madeira de pino, como material básico.
- O solo dos quioscos deberá contar cun tratamento antiescorregadizo.
- O acabado exterior deberá ser con verniz protector.
- Deberán estar dotados de instalacións eléctricas e de fontanería básicas, acorde co servizo a prestar.
- Deberán estar en perfectas condicións de uso e conservación.
- Deberán estar conectados á rede municipal de abastecemento de auga, así como a rede de saneamento de augas residuais, mediante un sistema de bombeo das augas residuais á rede municipal de saneamento, ou no seu defecto levando a cabo a instalación dunha fosa séptica homologada.

#### ➤ CASETAS PARA ENSERES:

- As superficies a ocupar polas casetas para enseres deberán ser as que se reflicten na cláusula 2ª do presente PPT.
- Deberán estar construídas en madeira de pino, como material básico.
- O acabado exterior deberá ser con verniz protector.
- Deberán estar en perfectas condicións de uso e conservación.

#### ➤ TERRAZAS:

- As superficies a ocupar polas terrazas deberán ser as que se reflicten na cláusula 2ª do presente PPT.
- Deberán contar con tarimas de madeira de pino, como material básico.
- O solo da tarima deberá contar cun tratamento antiescorregadizo.
- O acabado exterior deberá ser con verniz protector.
- Poderán estar cubertas cunha pérgola formada por estrutura de madeira de pino, como material básico.
- A cuberta da pérgola poderá ser en lona de PVC ou similar, como material básico, resistente ao fogo e aos raios UVA.
- O mobiliario a colocar nas terrazas (mesas e cadeiras), deberá ser de estrutura de aluminio, como material básico.
- Deberán estar en perfectas condicións de uso e conservación, incluso o mobiliario a colocar nas terrazas.

#### ➤ TUMBONAS:

- As dimensións das tumbonas serán de 2,00 x 0,75 m. (largo x ancho) como máximo.
- A estrutura das tumbonas estará fabricada en material plástico (resinas, PP, PE, etc), como material básico.
- Poderán complementarse cunha colchoneta.
- Deberán estar en perfectas condicións de uso e conservación.

#### ➤ SOMBRILLAS:

- As sombrillas terán un diámetro comprendido entre 1,80 m. a 2,00 m.
- A tea das sombrillas será de Dralon, como material básico.
- Deberán estar en perfectas condicións de uso e conservación.

➤ **HIDROPEDAIS E PIRAGUAS:**

- Os hidropedais e piraguas serán homologados, contarán co marcado CE, serán de primeiras marcas e estarán fabricados con materiais da máxima calidad; cumprindo coa totalidade das normas en vigor que lle sexan de aplicación.
- Deberán estar en perfectas condicións de uso e conservación.

Todo elo sen prexuízo dos incrementos de calidade nos materiais e nas instalacións que poidan ofertar os licitadores e que poidan ser tidos en conta e valorados segundo o establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación de referencia

**4. NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA OS CONTRATISTAS DE CADA UN DOS LOTES.**

As normas de obrigado cumprimento que deberán ter en conta os contratistas de cada un dos lotes serán as seguintes:

- 1) Os adxudicatarios de cada un dos lotes deberán manter as zonas de ocupación das praias vinculadas ao presente Prego en perfectas condicións de limpeza, orden e ornato. A tal efecto deberán adoptar a súa conta, as medidas hixiénico-sanitarias e establecer as condicións medio ambientais e estéticas necesarias para a consecución deste fin.
- 2) Os adxudicatarios estarán obrigados a manter unha imaxe comercial uniforme e acorde á explotación dos servizos de tempada vinculados ao presente PPT, no referente á vestimenta dos empregados e á prestación dos servizos.
- 3) Os adxudicatarios están obrigados a levar a cabo a conexión dos quioscos á rede municipal de abastecemento de auga, así como á rede de saneamento de augas residuais mediante un sistema de bombeo das augas residuais á rede municipal de saneamento, ou no seu defecto levando a cabo a instalación dunha fosa séptica homologada. O mantemento, limpeza, baleirado e conservación do sistema instalado (bombeo de augas residuais ou fosa séptica) será a cargo do adxudicatario, que cumplirá as normas establecidas ao efecto. As autorizacións sectoriais que poidan ser necesarias para a realización destas instalacións e conexións serán tramitadas e custeadas polos adxudicatarios.
- 4) O horario autorizado para levar a cabo a explotación dos servizos de tempada nas praias vinculadas ao presente Prego será de **9,00 horas ata as 22,00 horas**.
- 5) O adxudicatario do **lote-A – Praia de Silgar**, estará obrigado a levar a cabo, a súa conta, a limpeza integral diaria dos aseos existentes en dita praia. A frecuencia diaria de dita limpeza será tal que os aseos se manteñan en perfectas condicións de limpeza e hixiene, incluíndo a reposición do papel hixiénico, papel secamans e xabón de mans.
- 6) Os aseos existentes na praia de Silgar **non se poderán utilizar para outro uso ou actividade distinto do establecido**, salvo a súa parte central que poderá ser usada como almacén de materiais propios vinculados á explotación do servizo por parte do adxudicatario do lote-A – Praia de Sigar.
- 7) Non se podrá deixar, nas zonas destinadas a instalacións das tumbonas, ningún tipo de obxecto que non pertenza á explotación do servizo.
- 8) **Os espazos autorizados para tumbonas e sombrillas estarán sinalizados en todos os seus vértices mediante balizas ou jalóns empotrados que se manterán permanentemente durante cada tempada da explotación.**
- 9) Non se podrá ancorar, encadear, atar ou deixar ningún tipo de obxecto no muro da praia de Silgar.
- 10) Non se admite ningún tipo de anuncio, publicidade ou marketing nos elementos a instalar (quioscos, terrazas, mesas, cadeiras, sombrillas, hidropedais, piraguas, etc.) vinculados á explotación do servizo do presente Prego.

- 11) Non se admite mobiliario (mesas e cadeiras) de material plástico ou derivados instalado nas terrazas.
- 12) Non se admiten, dentro da mesma praia, tumbonas ou sombrillas de distintos modelos ou cores.
- 13) Non se poderán instalar mais elementos que os autorizados no Plan de Explotación vinculado ao presente Prego.
- 14) Calquera discrepancia de carácter técnico que xurda na instalación dos elementos vinculados á explotación dos servizos de tempada vinculados ao presente Prego, resloverase de acordo cos criterios dos Servizos Técnicos Municipais.

#### **5. DOCUMENTACIÓN A APORTAR POLOS CONTRATISTAS DE CADA UN DOS LOTES.**

Previo ao inicio da actividade, os contratistas de cada un dos lotes, deberán aportar a seguinte documentación:

- 1) Copia da póliza do seguro de indemnización por riscos profesionais.
- 2) Copia do contrato de suministro de energía eléctrica.
- 3) **Como condición indispensable para o comezo do exercicio da actividade vinculada ao presente contrato, os contratistas de cada un dos lotes deberán aportar un informe emitido pola empresa concesionaria do Servizo de Municipal de Augas (Espina&Delfín, S.L.) onde se faga constar e se acredite que o quiosco/s en cuestión ten realizadas as acometidas de abastecimento de auga e de saneamento de augas residuais, atopándose dito quiosco/s debidamente conectado coas redes municipais existentes. No caso de instalación de fosa séptica deberán aportar a declaración de conformidade e a garantía da mesma, así como unha certificación, emitida por técnico competente, da correcta instalación de dita fosa séptica.**

#### **6. ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL.**

Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha relación dos principais servizos, que incluirá importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos, realizados nos últimos CINCO (5) ANOS anteriores á data finalización do prazo de presentación de ofertas desta licitación, debendo acreditar o licitador como executado en servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, tomando como criterio de correspondencia entre os servizos executados polo licitador e os que constitúen o obxecto do contrato, a pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación para o CPV 55100000-1, ou a igualdade entre os dous primeiros díxitos do CPV 92332000-7 (92) para este último CPV, durante o ano de maior execución do período citado, un importe igual ou superior a 25.000,00 €, sen incluir o IVE, para o Lote A, 7.500,00 €, sen incluir o IVE, para o Lote B e 17.500,00 €, sen incluir o IVE, para o Lote C .Os servizos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

#### **7. DURACIÓN DO CONTRATO.**

A duración do presente contrato será de **UN (1) ANO**, con posibilidade de tres prorrogas anuais, ata un máximo de catro (4) anualidades, incluíndo a presente.

## 8. ORZAMENTO DE LICITACIÓN.

O orzamento anual de licitación do contrato, por cada lote, SEN IVE, será o seguinte:

LOTE	PREZO/AÑO (sen IVE)	21% IVE/Año	PREZO/AÑO (con IVE)
<b>Lote – A – PRAIA DE SILGAR</b>	77.000,00 €/ano	16.170,00 €/ano	93.170,00 €/ano
<b>Lote – B – PRAIA DE BALTAR</b>	15.000,00 €/ano	3.150,00 €/ano	18.150,00 €/ano
<b>Lote – C – PRAIA DE CANELAS</b>	35.000,00 €/ano	7.350,00 €/ano	42.350,00 €/ano

## 9. CANON E FIANZAS.

O canon e as fianzas vinculados ás ocupacións temporais do DPMT e que deberán ser abonados polos adxudicatarios dos distintos lotes, serán os se establezan anualmente por parte do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, dentro do Plan de Explotación dos Servizos de tempada aprobados en cada anualidade por dito Organismo.

## 10. DOCUMENTACIÓN DO PRESENTE PREGO.


O presente Prego de Prescripcións Técnicas consta de 10 cláusulas e o Anexo-1 (Planos nº 1, 2 e 4 do Plan de Ocupación de Praias).

Sanxenxo, maio de 2016


Enxeñeiro Técn. Municipal

Asdo: José María Troncoso Viñas


**ANEXO – 1**  
**PLANOS DO PLAN DE**  
**OCUPACIÓN DE**  
**PRAIAS**



	EXCELENTE CONCELLO DE SANXENXO	
	PLAN DE OCUPACIÓN DE PRAIAS	PLANO N° 1
ESCALA: 1/2000	PLANO	SITUACIÓN Praia de Silgar
FECHA: Abril-2016		



	EXCELENTE CONCELLO DE SANXENXO	
	PLAN DE OCUPACIÓN DE PRAIAS	PLANO Nº 2
	ESCALA: 1/2000	PLANO
	FECHA: Abril-2016	SITUACIÓN <b>Praia de Canelas</b>



	EXCELENTE CONCELLO DE SANXENXO	
	PLAN DE OCUPACIÓN DE PRAIAS	PLANO N° 4
ESCALA: 1/2000	PLANO	SITUACIÓN Praia de Baltar
FECHA: Abril-2016		